

#### ASISTENTES

Abelleira Acebedo, Pablo  
Alberte Pivida, Rodrigo  
Alonso Crespo, M<sup>a</sup> Victoria  
Alonso Gómez, J. Lorenzo  
Álvarez Álvarez, María Salomé  
Álvarez González, Susana  
Álvarez Moreira, José Ángel  
Álvarez Villamarín, J. Carlos  
Araujo Araujo, Pilar Aurora  
Area Carracedo, Iván Carlos  
Barreiro Crespo, Juan Manuel  
Bernabeu Tello, Ana María  
Blanco Sierra, Javier  
Bolaño García, Sandra  
Boutinguiza Larosi, Mohamed  
Bouza Rodríguez, José Benito  
Bravo Bosch, María José  
Caamaño Martínez, J. Carlos  
Caeiro Rodríguez, Manuel  
Casal Guisande, Manuel  
Cebro Rodríguez, Xoán  
Chapela López, Sergio  
Cid Fernández, Xosé Manuel  
Coego Pérez, Marina  
Comesaña Benavides, José Antonio  
Costa González, Alicia  
Cruz González, Montserrat  
Cuevas Alonso, Miguel  
Cuiñas Gómez, Iñigo  
Currás Valle, M<sup>a</sup> Consuelo  
Davila Segade, Ruth  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
Diz Folgar, Manuel  
Durán Barbosa, Rafael  
Esparís Matanza, Santiago  
Estévez Orge, Marcos  
Fariña Rivera, Francisca  
Fernández Barciela, Mónica  
Fernández Fdez., Federico A.  
Fernández González, María  
Fernández Iglesias, Manuel José  
Fernández Simoes, Miguel  
Formella, Arno  
Gallardo Medina, Mercedes  
García Eirín., José Manuel  
García Estévez, José Manuel  
García González, Silvia  
Garza Gil, M<sup>a</sup> Dolores  
Giménez Fernández, Eduardo Luis  
Gómez Clemente, Xosé M<sup>a</sup>  
González Muñiz, Iván  
González Penín, Ana Isabel  
González Vázquez, Adriana  
González Ventura, Diego  
Grande Seara, Pablo  
Graña Sánchez, Andrés Lois  
Hervés Estévez, Javier  
Izquierdo Belmonte, Pablo  
Lago Ferreiro, Alfonso  
Lameiro Diéguez, M<sup>a</sup> de los Remedios  
Lima González, Estela  
López Ardao, José Carlos  
López Escobar, Juan José  
López Lago, Marcos  
López Rubianes, Lucrecia M<sup>a</sup>  
Losada Barreiro, Sonia  
Macías Cambra, Henrique  
Martínez Cardeña, María  
Mejuto Fernández, J. Carlos  
Méndez Martínez, Gonzalo Benito  
Michinel Álvarez, M. Ángel  
Míguez Miramontes, Jesús Manuel  
Montero Reguera, José Francisco  
Moreno Mújica, Valeria Valentina  
Moure Rodríguez, M<sup>a</sup>. José  
Nieto Palmeiro, Óscar  
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón  
Pardo Froján, Juan Enrique  
Paz Penín, Concepción  
Pena Corbacho, Francisco

Acta da sesión ordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo do día 18 de abril de dous mil vinte e tres, convocada para ás 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda no Paraninfo da Universidade de Vigo.

Previamente á sesión, a Mesa do Claustro sortea a letra para a quenda de intervencións, sendo a letra “P”.

Ás 10:00 h do día **18 de abril de 2023** deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do luns, 19 de decembro de 2022.
2. Informe do reitor.
3. Informe da valedora universitaria correspondente ao ano 2022.
4. Elección, se procede, da presidencia do Consello de Estudantes da Universidade de Vigo (CEUVI)<sup>(1)</sup>: 1 estudante (membro do Consello de Goberno e do Claustro Universitario).
5. Aprobación, se procede, do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.
6. Aprobación, se procede, da proposta de transformación da Escola Aberta de Formación Permanente no Centro de Posgrao e Formación Permanente da Universidade de Vigo (CPFP).
7. Aprobación, se procede, do Código Ético da Universidade de Vigo.
8. Aprobación, se procede, da normativa de convivencia da Universidade de Vigo.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime disciplinario do estudantado da Universidade de Vigo.
10. Aprobación, se procede, do informe preceptivo sobre a creación da Facultade de Enfermaría da UVigo.
11. Aprobación, se procede, do informe preceptivo sobre a proposta de creación do Instituto de Investigación de Xustiza e Xénero da Universidade de Vigo (IXEX).
12. Aprobación, se procede, da creación e da composición da comisión para o estudo da adaptación estatutaria na Universidade de Vigo á nova Lei Orgánico 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU).
13. Elección de representante en Consello de Goberno: 1 decano/a ou director/a de Centro ou Departamento.
14. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de traballo sobre os Recoñecementos Docentes na Bolsa de Horas dos Centros: 1 PAS
15. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de traballo para o impulso ao Manual de Boas Prácticas:
  - 3 estudantes



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

Peña Gallego, M<sup>a</sup>. Ángeles  
Pereira Lorenzo, Nemesio  
Pérez Cota, Manuel  
Pérez Diz, Angel Eduardo  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Pérez Vázquez, M<sup>a</sup> Consuelo  
Pita Carballo, José Luis  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Prada Rodríguez, Julio  
Ramos Vázquez, Antonio Manuel  
Reboreda Morillo, Susana  
Reigosa Roger, Manuel J.  
Río Otero, Coral Del  
Ríos Santomé, María José  
Rivas Conde, Filemón  
Rivas Ferreiro, Mauro  
Rivera Vázquez, Noelia M<sup>a</sup>  
Rivo López, Elena  
Rodríguez Castañeda, Manuela  
Rodríguez Daponte, M<sup>a</sup> Rocio  
Rodríguez Guerra, Alexandre  
Rodríguez Hernández, Cándido  
Rodríguez Míguez, Eva M<sup>a</sup>  
Rodríguez Rajo, Fco. Javier  
Román Lago, Carlos  
Ron Fernández, Álvaro Francisco  
Ruiz Hidalgo, M<sup>a</sup> del Carmen  
Sáez Ocejo, José Luis  
Sánchez Moreiras, Adela M<sup>a</sup>  
Sánchez Sello, Fco. Javier  
Seijas Montero, María  
Siota Álvarez, Mónica  
Soto González, M<sup>a</sup> Mercedes  
Suárez Martínez, Agustín  
Surís Regueiro, Juan Carlos  
Teixeira Bautista, Marta  
Torres Romay, Emma  
Valderrama Santomé, Mónica  
Valebona Refojos, Manuel  
Vázquez Otero, M<sup>a</sup> Elsa  
Velasco Graña, M<sup>a</sup> Rita  
Vidal Vázquez, Iván Manuel  
Villanueva Villar, Mónica  
Yáñez Bouza, Nuria

#### **DESCULPAN A SÚA AUSENCIA**

Alonso Vega, María Flora  
Blanco Fernández, Yolanda  
Bringas López, Ana  
Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Diéguez Quintas, José Luis  
Fernández Fustes, María Dolores  
García García, Óscar  
Iglesias Prado, José Ignacio  
López Mira, Álvaro Xosé  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Martínez Arribas, Fernando  
Martínez Piñeiro, Manuel  
Méndez Abelleira, Begoña  
Méndez Reboredo, José Ramón  
Mociño González, María Isabel  
Nombela Castaño, Miguel Ángel  
Novoa Fernández, Yolanda  
Otero Otero, Blanca  
Pereira Rodríguez, Ana María  
Reboiro Jato, Miguel  
Riobóo Lois, Breogán  
Rodríguez Domínguez, M<sup>a</sup> del Mar  
Solla Carracelas, María Mercedes  
Vaquero García, Alberto  
Varela Casal, Cristina  
Vázquez Vicente, Xosé H.

- Consello de estudantes.
- Internacionalización.
- Creación e modificación de centros e estruturas (será competencia do Consello de Goberno).

- 1 PAS

16. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión Asesora da valedora universitaria (art. 10.3º Regulamento VU):

- 1 representante do PDI + suplente
- 1 representante do alumnado + suplente
- 1 representante do PAS e o seu correspondente suplente.

17. Elección de membros da Comisión Electoral: 1 estudante.

18. Elección de membros nos Consellos de Campus:

- Pontevedra: 2 estudantes
- Ourense: 2 estudantes

19. Quenda de intervencións.

### **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 decembro de 2022.**

O reitor propón que se aprrobe por asentimento, dado que non se presentaron alegacións.

Apróbase a acta por asentimento.

### **2. Informe do reitor.**

O reitor informa do seguinte:

- LOSU: Cómpre desenvolver a LOSU (en vigor desde o día 12) con dous anos para:
  - Aprobar os Estatutos.
  - Elixir un novo Claustro e un novo Consello de Goberno (xa adaptados aos novos Estatutos e á LOSU) e un novo Consello de Estudantes.Propoñemos que, igual que en modificacións anteriores, elixamos hoxe unha comisión que desenvolva os novos Estatutos.  
Debates que haberá que ter:
  - Na gobernanza: tamaño e composición do Claustro e do Consello de Goberno; condicións para a elección da persoa que ocupe a Reitoría; composición e gobernanza das estruturas (centros, departamentos, institutos etc.).
  - Ciencia aberta e ciencia cidadá.

- Unidades de Igualdade e Diversidade.
  - Desenvolvemento da carreira profesional.
  - Persoal auxiliar de investigación, xestión e administración e servizos.
  - Departamentos ou estruturas que os substitúan.
  - Galego.
  - Igualdade.
  - Diversidade.
- Acto institucional do Día Internacional das Mulleres. Premiada por unanimidade do xurado: Rosa Graña.
  - Xuntanzas varias:
    - Presentación do estudo da Xunta sobre a posta en marcha de graos duais universitarios.
    - Presentación do estudo sobre o marco ético e normativo e o potencial impacto da adopción da intelixencia artificial en Galicia.
    - Nova xuntanza sobre o Plan de infraestruturas.
    - Desenvolvemento de sesións do campus CREA: consello reitor, comité consultivo social-empresarial e comité consultivo académico.
    - Constitución da rede cooperativa de investigación de Galicia en terapias avanzadas.
  - Feria de emprego en Vigo.
  - Feria de emprego en Ourense.
  - Entrega de premios do Campus Auga.
  - Avaliación do selo HRS4R. O reitor valora moi positivamente o trámite levado a cabo, facendo un chamamento á comunidade universitaria para que se involucre máis neste proceso.
  - Xuntaza da CRUE:
    - Está pechado o acordo transformativo con IIEEE e RSC.
    - Chegou o anteproxecto de regulación de departamentos.
    - A CRUE apoia a reivindicación das facultades de Belas Artes.
    - Continúan as negociacións para arranxar o tema das prácticas, especialmente co sector público.

Informa así mesmo sobre cambios no equipo de goberno, desdobrando titulacións e profesorado e suprimindo a Vicerreitoría de Relacións coa Empresa. Asemade, haberá cambios no equipo xerencial.

Conclúe o informe do reitor ás 10:30 h.

### **3. Informe da valedora universitaria correspondente ao ano 2022.**

A valedora expón o seu informe, que será anexado á presente acta (Anexo I). Ao reitor preocúpalle o descenso das consultas e a suba de procedementos abertos e pregunta se unha causa é o regulamento de avaliación. A valedora pensa que este regulamento será positivo, malia que a lectura debe ser positiva, dado que afloran situacións que antes non chegaban á Valedoría. Valora positivamente a actitude do

estudiantado á hora de acudir á Valedoría. Haberá que agardar ao ano 2023. O reitor agradece á valedora a súa intervención.

Conclúe o informe da valedora ás 10:45 h.

**4. Elección, se procede, da presidencia do Consello de Estudantes da Universidade de Vigo (CEUVI): 1 estudante (membro do Consello de Goberno e do Claustro Universitario).**

O reitor indica que houbo unha soa candidatura, de D. Miguel Fernández Simoes, que queda elixido sen necesidade de elección. O candidato agradece ao Claustro a elección, así como o apoio recibido nos últimos meses e comenta que é fundamental que o estudantado teña unha representación activa. Comeza o seu mandato coa intención de reactivar a xestión da representación do alumnado e os seus intereses.

Resulta elixido Miguel Fernández Simoes presidente do CEUVI.

**5. Aprobación, se procede, do Regulamento sobre a avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, Natalia Caparrini Marín, presidenta da comisión redactora, para que expoña o punto:

No Claustro do 13 do abril de 2021 aprobouse a composición da comisión redactora do Regulamento sobre a avaliación, cualificación e calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado:

- vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria
- secretario xeral
- valedora universitaria
- xefa do Servizo de Xestión de Estudos de Grao
- xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao
- 5 PDI (ámbito e campus)
- 5 PAS (ámbito e campus)
- 5 estudantes (ámbito e campus)

No Claustro do 28 de xuño de 2021 e do 7 de febreiro de 2022 elixíronse os membros da Comisión:

- Natalia Caparrini Marín
- Miguel Michinel Álvarez
- Esther Pillado González (sen voto)
- María Cristina Rodríguez Cendón
- José Luis Gómez Reboiro

Estudantado:

- Antonio Manuel Ramos Vázquez
- Juan Jesús Rico Fuentes
- Miguel Fernández Simoes
- Andrea Dávila Rubio

PDI

- M<sup>a</sup>. Montserrat Cruz González
- Juan Pardo Froján
- Ángeles Peña Gallego
- Eva María Lantarón Caeiro
- José Francisco Montero Reguera

PAS

- Noelia M. Rivera Vázquez

Plan de traballo: Reunións:

- 12 reunións, do 28 de setembro de 2021 ao 15 de marzo de 2022.
- Invitacións: Margarita Pino-Juste, Joaquín Collazo e Raquel Gandón. Informe da Asesoría Xurídica: favorable (25 de marzo de 2022).
- Revisión pola Área de Normalización Lingüística. Aprobación do borrador pola comisión: 29 de marzo de 2022. Presentación no Claustro: 6 de abril de 2022
- Período de alegacións e de emendas: ata o 30 de setembro.

Plan de traballo. Alegacións:

- Novo título: Título IX: Da Avaliación por compensación Exposición pública: ata 3 de decembro de 2022 (un mes).
- Reunións: 10 reunións, do 2 de novembro de 2022 ao 3 de febreiro de 2023.
- Invitación: Maria José Bravo Bosch.
- Revisión pola Área de Normalización Lingüística.
- Aprobación do borrador pola comisión: 7 de febreiro de 2023. Informe da Asesoría Xurídica: 15 de febreiro de 2023.
- Resposta ás alegacións coa decisión xustificada.

A vicerreitora expón varios cadros e gráficos sobre o número de alegacións tanto ao borrador inicial como ao posterior engadido sobre apto por compensación e expón a continuación o esquema da normativa:

PREÁMBULO

TÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS.

TÍTULO II. DAS GUÍAS DOCENTES.

TÍTULO III. DO PROCESO DE APRENDIZAXE.

TÍTULO IV. DA AVALIACIÓN DO ESTUDANTADO.

TÍTULO V. DA CUALIFICACIÓN DO ESTUDANTADO.

TÍTULO VI. DA RECLAMACIÓN DO PROCESO DE AVALIACIÓN E DAS CUALIFICACIÓN DO ESTUDANTADO.

TÍTULO VII. DO USO DE MEDIOS ILÍCITOS.

TÍTULO VIII. DOS TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN.

TÍTULO IX. DA AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN.

TÍTULO X. DO PROCESO DE MELLORA DA CALIDADE DA APRENDIZAXE.

TÍTULO XI. DAS RECLAMACIÓNS AOS PROCESOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

DISPOSICIÓN FINAL

A vicerreitora sinala que habería que cambiar o rótulo do Título XI por “Dos recursos”.

Aprobación da normativa: 7 de febreiro de 2023.

Unha vez rematada a revisión das alegacións, o texto do regulamento foi aprobado por unanimidade na comisión. Quedaron dúas cuestións nas que non houbo consenso, polo que se decidiu proceder a súa votación; as opcións máis votadas son as que se remitirían ao Claustro para o seu debate e a súa aprobación definitiva.

Sobre a votación na comisión:

TÍTULO IV. DA AVALIACIÓN DO ESTUDANTADO

Artigo 20. Das probas de avaliación continua.

OPCIÓN 1 (11 votos):

4. As guías docentes recollerán as actividades que contribúan á cualificación final, á súa ponderación e á súa obrigatoriedade, se a houbese, de obter unha cualificación mínima nalgunha delas. Para garantir que a avaliación continua sexa diversificada, ningunha das probas ou actividades que a constitúan poderán supoñer por si mesmas máis do 40 % da cualificación final da materia, agás na segunda oportunidade de avaliación que poderá ser superior.

OPCIÓN 2 (2 votos)

4. As guías docentes recollerán as actividades que contribúan á cualificación final, á súa ponderación e á súa obrigatoriedade, se a houbese, de obter unha cualificación mínima nalgunha delas. Para garantir que a avaliación continua sexa diversificada, ningunha das probas ou actividades que a constitúan poderán supoñer por si mesmas máis do 50 % da cualificación final da materia, agás na segunda oportunidade de avaliación que poderá ser superior.

TÍTULO IX. DA AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN

Artigo 51. Dos criterios da avaliación por compensación.

OPCIÓN 1 (11 votos):

1. Concederáse de xeito automático o apto por compensación da(s) materia(s) solicitada(s) tras a constatación do cumprimento de todos os requisitos do artigo 49, das limitacións do artigo 50, e sempre que o/a estudante se encontre en polo menos un dos seguintes supostos:

- a) Que obtivese polo menos unha vez unha cualificación igual ou superior a 4 ou unha media superior a 3,5 entre as dúas mellores cualificacións na(s) materia(s) a compensar,
- b) Que a media do seu expediente sexa igual ou superior á nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia.

OPCIÓN 2 (2 Votos):

1. Concederáse de xeito automático o apto por compensación da(s) materia(s) solicitada(s) tras a constatación do cumprimento de todos os requisitos do artigo 49, das limitacións do artigo 50, e sempre que o estudantado cumpra os dous seguintes supostos:

- a) Que obtivese polo menos unha vez unha cualificación igual ou superior a 4 ou unha media superior a 3,5 entre as dúas mellores cualificacións na(s) materia(s) que compensar,
- e
- b) Que a media do seu expediente sexa igual ou superior á nota media da súa titulación na última promoción con dereito a docencia.

O secretario xeral intervén para agradecer á vicerreitora a súa labor á fronte da comisión. Juan Pardo intervén para expoñer o seu punto de vista en dous aspectos concretos, defendendo en ambos a opción 2. Para Juan Pardo debe corrixirse o artigo 48 sobre avaliación por compensación, dado que non entende como se pode empregar en conxunto a traxectoria académica de xeito automático, sen que interveña unha comisión. Tampouco comparte os criterios para unha avaliación automática. Pensa que non é a mensaxe que se deba lanzar á comunidade universitaria. Lembra a súa experiencia en tribunais de avaliación por compensación o que lle fai coñecedor da súa casuística e cre que debe aplicarse con mesura. Insiste na necesaria corrección do texto proposto a estes efectos, dado que, na súa opinión, non responde ao espírito da Universidade.

Angel Pérez Diz agradece a labor da comisión e móstrase de acordo coa normativa agás no punto relativo á avaliación continua, sobre a porcentaxe a decidir, entendendo que debería ser do 50%, e a posibilidade de poñer unha nota mínima no exame.

Coral del Río agradece tamén á comisión o traballo feito, pero sinala que votará en contra da normativa. Pensa que un sistema de avaliación ten que garantir que é xusto. A Universidade é tan diversa e plural que certos artigos non recollen todos os matices e coartan as nosas posibilidades. Sinala asemade outros aspectos que xustifican a súa decisión, baseada na necesidade de valorar coñecementos.

Rebeca Díaz agradece a labor da comisión, compartindo a complexidade. Está de acordo con Juan Pardo sobre a avaliación por compensación, aludindo tamén á súa experiencia en comisións de avaliación. Sinala que pode haber problemas nas titulacións rexidas por ordes ministeriais específicas. Asemade alude negativamente á disposición adicional que remite certas cuestións aos centros, o que entende pode xerar desigualdades (pon como exemplo o artigo 15 da proposta). Ten unha dúbida sobre o artigo 32.

Miguel Fernández Simoes, en representación do estudantado, comenta o traballo desenvolvido pola comisión, subliñando que houbo consenso en todo, agás nos dous puntos que se traen a votación no Claustro. Xustifica certas disposicións e, en particular, móstrase a favor da porcentaxe do 40%. Tamén, a favor da opción 1 na avaliación por compensación, subliñando o seu carácter excepcional e insistindo na necesidade de que sexa automática en certos casos.

Adriana González Vázquez fala en favor de rebaixar ao 40% o peso máximo das probas, entendendo que así se evitan situacións inxustas ao seu entender. Recomenda ao profesorado que revise os seus métodos.

Agustín Suárez Méndez, estudante de informática, agradece o traballo da comisión, e pensa que o problema non é a diferenza entre un 40% ou un 50%, senón o sentimento xeneralizado entre o estudantado de que exista unha avaliación continua real, que pensa xa se está a facer. Rebate a opinión manifestada por Coral del Río. Asemade, amósase a favor da opción 1 na avaliación curricular, aludindo a existencia do que chama “materias aduana”, que atrancan a situación do alumnado. Pide o voto a favor.

O reitor lembra que a normativa ten informe favorable da Asesoría Xurídica e que nos nosos Estatutos figura a mención expresa á avaliación continua. Sinala que esta normativa foi traballada longamente e cun período moi amplo de exposición pública (polo que houbo moito tempo para presentar alegacións) e pensa que fai moita falla. Pide o apoio á postura que foi maioritaria na comisión redactora. Agradece a labor da comisión e as achegas recibidas. Sinala que primeiro farase a votación sobre o 40 ou 50% e logo sobre a avaliación por compensación. Ao final votárase o conxunto do texto proposto.

Primeira emenda (40% ou 50% como tope na avaliación continua).

- **Votos a favor do 40% (opción 1): 80**
- Votos a favor do 50% (opción 2): 11
- Abstencións: 15

Segunda emenda (sobre a avaliación por compensación):

- **Votos a favor da opción 1: 81**
- Votos a favor da opción 2: 14
- Abstencións: 11

Votación sobre o conxunto do texto:

- A favor: 85
- En contra: 3
- Abstencións: 18

Apróbase por maioría o texto, coas opcións resaltadas en negra e cambiando o rótulo do título XI “Dos recursos”.

## **6. Aprobación, se procede, da proposta de transformación da Escola Aberta de Formación Permanente no Centro de Posgrao e Formación Permanente da Universidade de Vigo (CPFP).**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, Alfonso Lago, que pasa a expoñer a proposta:

Exposición de motivos:

- Desenvolvemento de novos títulos de mestrados oficiais de carácter transversal e estratéxicos para a Universidade de Vigo que non teñan un soporte axeitado nunha escola ou facultade.



- Desenvolvemento de programas de mestrados transversais adaptados aos obxectivos de desenvolvemento sostible.
- Captación de estudantado estranxeiro mediante a internacionalización da oferta de programas de mestrado flexibles e adaptados.
- Promoción no Espazo Iberoamericano de Educación Superior.
- Integración dos mestrados de formación permanente no sistema interno de garantía de calidade.
- Desenvolvemento de microcredenciais como unha oferta formativa que combina metodoloxías flexibles, interconectadas e innovadoras no ámbito nacional e europeo.

Modificacións respecto ao documento presentado no Claustro de decembro de 2022:

- Incorporación de referencias á nova lei do sistema universitario.
- Incorporación de proposta solicitada por escolas/facultades:
  - Dentro do marco normativo vixente, as escolas/facultades da universidade seguirán facendo propostas, coa aprobación nos seus órganos colexiados, de mestrados universitarios oficiais garantindo a calidade da docencia e o uso eficiente dos recursos.
- Modificación do apartado 5 a proposta dos representantes do persoal de administración e servizos:
  - O Centro de Posgrao e Formación Permanente será xestionado por persoal de administración e servizos cunha estrutura acordada coas persoas representantes destes, que permita desenvolver as actividades asociadas aos aspectos académicos, económicos, informáticos, promocionais e administrativos das titulacións adscritas ao centro.

O vicerreitor finaliza sinalando que a nova relación de postos de traballo deberá identificar as previsibles novas necesidades que suporá a modificación da EAFP no CFPF.

Noelia Rivera opina que esta proposta é a terceira que se trae ao Claustro cunha diferenza importante e que se introduciron melloras, pero que se trata dunha modificación inicial da Escola, que non foi aprobada pola Xunta de Galicia e que non consta no RUTC e considera, por tanto, que non se pode modificar a memoria dun centro que no seu inicio non seguiu o procedemento esixido e que debe cumprirse a lei de Universidades. Adianta o seu voto en contra.

Xoán Cebro sinala que non está de acordo con Noelia Rivera e pensa que o procedemento que se está a seguir é perfectamente legal e pode ser aprobado por este Claustro. En relación coa estrutura, fala da importancia da internacionalización respecto do PAS e da RPT, comparando a situación da UVigo con outras que son fortes neste eido.

Iñigo Cuiñas destaca que non estamos a debater o mesmo punto que no Claustro do 19 de decembro. Lembra que o reitor retirara o punto da orde do día sinalando que conviña estudar certos puntos, varios indicados por Iñigo Cuiñas, que cita dando diversos exemplos, en particular, se un máster non interesa a algún centro por que ten interese para a Universidade. Pensa que as cuestións abertas entón non foron resoltas, indicando que debería distinguirse entre distintos tipos de máster, así como que quedaron sen estudar, por exemplo, os micrograos e microcréditos. En canto ás funcións, entende que se reitera o mesmo que en documentos anteriores. Sobre o nome (Centro de Posgrao e Formación

Permanente) é o mesmo que foi cuestionado pola Asesoría Xurídica. Por outra banda, alude aos Estatutos da Universidade (artigo 35), sinalando que non permiten crear este tipo de centro. Pensa que se trata dunha estratexia para aprobar o que xa fora rexeitado e manifesta o seu voto en contra.

Federico Fernández coincide con Noelia Rivera e entende que esta modificación sobre algo que pode non estar ben feito en orixe non debería saír adiante. Preocúpalle a RPT respecto da carga de traballo das persoas implicadas. Adianta o seu voto negativo.

Noelia Rivera, por alusións, sinala que a modificación da memoria fai referencia a Lei do sistema universitario galego (art. 17.2º), indicando que non se seguiu o procedemento para a creación da Escola de Formación Permanente. Xoán Cebro insiste na legalidade das actuacións. Comenta certos aspectos sobre a negociación da RPT en resposta a Federico Fernández.

Alfonso Lago comenta que segundo o criterio da Asesoría Xurídica non hai problema neste asunto e non entra a falar sobre a legalidade da creación do Centro de Posgrao e Formación Permanente. Sobre a intervención de Iñigo Cuiñas, comenta como será o funcionamento do Centro en relación coa selección dos másteres.

Elsa Vázquez pregunta tamén sobre a impartición na práctica dos másteres que poida aprobar este Centro, pois entende que esta cuestión preocupa aos centros. Alfonso Lago aclara a cuestión, sobre a base da coordinación que se prevé.

O reitor entende que hai dúas cousas que se están a mesturar e aclara cal é o procedemento para a creación de centros, algún dos cales non precisan do RUTC. Aclara por que foi retirado en outras ocasións.

Procédese á votación:

- A favor: 64
- En contra: 21
- Abstencións: 20

Apróbase por maioría a proposta.

## **7. Aprobación, se procede, do Código Ético da Universidade de Vigo.**

O reitor cede a palabra á mentora ética, María José Bravo, para que expoña o punto, agradecendo a súa labor á comisión de traballo.

Comisión de traballo (proposta aprobada no Claustro do 7 de outubro de 2022)

- Reitor ou persoa en quen delegue
- Secretario xeral
- Inspectora de servizos
- Directora da Unidade de Igualdade.
- Directora da Unidade de Mediación
- Valedora universitaria
- 5 PDI, 5 PAS e 5 estudantes.

Persoas que integraron a comisión:

Manuel J. Reigosa Roger, reitor

Miguel Michinel Álvarez, secretario xeral



María José Bravo Bosch, inspectora de Servizos e mentora ética  
Águeda Gómez Suárez, directora da Unidade de Igualdade  
Francisca Fariña Rivera, directora da Unidade de Mediación  
Esther González Pillado, valedora universitaria  
José Carlos López Ardao, PDI-A  
Rosa Pérez Rodríguez, PDI-A  
Alberto Vaquero García, PDI-A  
Miguel Cuevas Alonso, PDI-A  
María José Ríos Santomé, PAS  
Mercedes Soto González, PDI-A  
Eva Rodríguez Míguez, PDI-A

A inspectora expón someramente o contido do Código, que foi achegado coa documentación e que consta da seguinte estrutura:

Índice:

1. MISIÓN
2. VISIÓN: Unha universidade caracterizada por un goberno transparente e participativo, centrada na satisfacción integral do estudiantado e do persoal, na captación de talento e nun maior grao de recoñecemento internacional.
3. PREÁMBULO
4. TÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS
5. TÍTULO II. PRINCIPIOS ÉTICOS FUNDAMENTAIS  
14 ARTIGOS EN TOTAL

A inspectora resume brevemente a finalidade do Código Ético, repasando os seus dous títulos.

Representantes do estudiantado propuxeron a seguinte emenda, para suprimir o resaltado en vermello:

“Todas as persoas teñen dereito á privacidade e á protección de calquera información sobre a súa persoa. A Universidade de Vigo debe tratar os datos persoais sempre para fins concretos, de maneira leal, lícita e transparente, así como fomentar e garantir a privacidade, evitando difundir información persoal a terceiros sen consentimento da parte interesada. Todas as persoas da comunidade universitaria deben ter un coidado especial en respectar a confidencialidade en todas as súas actividades de aprendizaxe, **polo que non se permitirá ningún tipo de gravación sen o consentimento explícito das persoas gravadas, de acordo coa normativa establecida para ese efecto, agás nos casos previstos de forma expresa pola UVigo**”.

Acordouse o seguinte texto de consenso:

“polo que non se permitirá ningún tipo de gravación sen o consentimento explícito das persoas gravadas, de acordo coa normativa establecida para ese efecto, agás nos casos previstos, en presenza do afectado, de interés lexítimo con vocación de proba nun procedemento administrativo, disciplinario ou xudicial”.

Apróbase por asentimento, incluíndo a transacción sinalada.

## 8. Aprobación, se procede, da Normativa de convivencia da Universidade de Vigo.

O reitor cede novamente a palabra á inspectora María José Bravo, para que expoña o punto, expoñendo en primeiro lugar a estrutura do texto, así como as alegacións recibidas, por unha banda, dun representante do estudantado e, por outra, da valedora universitaria.

### ESTUDANTADO:

ARTIGO 22.1 (AGORA 23.1)	REDUCCIÓN DO NÚMERO DE MEMBROS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA E BO GOBERNO: 3.	MODIFICACIÓN
	DURACIÓN NO CARGO: 4 ANOS.	
ARTIGO 22.4 (AGORA 23.4)	MODIFICACIÓN EN ESTUDANTES: “salvo o estudantado, que será renovado cada dous anos sen prexuízo de poder cubrir as baixas que vaian xurdindo”.	MODIFICACIÓN
ARTIGO 22 (AGORA 23.7)	Os acordos da Comisión adoptaranse por maioría simple de votos; para a validez da votación deberán estar presentes, polo menos, un membro de cada sector da comunidade universitaria, salvo en casos de urxencia excepcional motivada.	ADICIÓN

### VALEDORA:

ARTIGO 1	e de acoso laboral que serán tratadas... e do protocolo de actuación ante conflitos interpersoais e de acoso no traballo
ARTIGO 3	ACLARACIÓN SOBRE OS CENTROS ADSCRITOS
ARTIGO 20	UNIDADE DE CONVIVENCIA E XESTIÓN POSITIVA DE CONFLICTOS (XA CREADA NA UVIGO EN 2019): MODIFICACIÓN DO TÍTULO E DO CONTIDO
ARTIGO 20	PERSONAS MEDIADORAS: PEQUENA AO FINAL DO TEXTO... E A VALEDORÍA UNIVERSITARIA
ARTIGO 22.1	REDUCCIÓN DO NÚMERO DE MEMBROS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA E BO GOBERNO: 2 POR SECTOR.

A inspectora aclara as transaccións ás que se chegou respecto das propostas de emenda.

Apróbase por asentimento, incluíndo as transaccións sinaladas.

## 9. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime disciplinario do estudantado da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao secretario xeral para que expoña o punto, que indica que se recibiron catro alegacións. Destas, tres deben rexeitarse polo imperativo legal que obriga

a non variar a natureza nin os límites dos tipo e das sancións previstas na propia lei de convivencia.

A alegación presentada polo alumnado refírese ao artigo 4.4 b) e é a seguinte:

Redacción actual: b) Perda do dereito á convocatoria ordinaria no semestre académico no que se cometa a falta e respecto da materia na que se tivera cometido. Esta convocatoria constará como esgotada no expediente académico.

Redacción proposta: b) Perda do dereito á convocatoria ordinaria no semestre académico no que se cometa a falta e respecto da materia na que se tivera cometido.

Propóñese aceptar a emenda, dado que é coincidente coa lei nacional que impide incluír aspectos que afecten de forma negativa nas convocatorias de bolsas.

Votación:

- A favor: 71
- En contra: 0
- Abstencións: 9

Apróbase o texto, coa emenda sinalada.

## **10. Aprobación, se procede, do informe preceptivo sobre a creación da Facultade de Enfermaría da UVigo**

O reitor expón o punto.

En 2012 comezaron os traballos para a creación da Facultade de Enfermaría da Universidade de Vigo. Traballou unha comisión de integración formada polo secretario xeral de Universidades, José Alberto Díaz de Castro e, por parte da UVigo, pola vicerreitora de Profesorado, Margarita Estévez, o comisionado Antonio Pino e o profesor Federico Mallo, ademais de representantes da Consellería de Sanidade, Nieves Domínguez González, xerente do Sergas, e da Deputación de Pontevedra, Ana Isabel Vázquez Reboredo.

A Universidade de Vigo ten catro centros adscritos, tres de natureza pública e un privado (POVISA). O equipo de goberno manifestou no ano 2019 o seu interese en que os tres centros públicos pasasen a integrarse na Universidade de Vigo como centros propios.

Negociouse coas consellerías implicadas e coa Deputación e temos luz verde.

No futuro podería incluso pensarse na integración da Escola Universitaria de Enfermaría de Povisa, dependendo de distintas circunstancias.

Existe un acordo coa Consellería de Universidades para a creación dunha única facultade que recolla as escolas públicas adscritas, unha por campus.

A desadscrición faríase curso a curso, mantendo ata a finalización do proceso unha dualidade que respecte os dereitos do estudantado.

O alumnado que se vaia integrando contará como no plan de financiamento, non detraendo estas cantidades doutras partidas do plan (é dicir, non se prexudica nin ao resto de titulacións, nin ao resto do SUG).

Despois da plena integración, serán títulos que recibirán o mesmo financiamento que o resto.

Nomeouse decano comisario a Rafael Durán Barbosa, para ir traballando nos distintos aspectos da integración.

Incluirase un plan de promoción da investigación dirixido ao profesorado actual, para tentar conseguir que cumpran os requisitos para poder integrarse na UVigo (especialmente, para a finalización de teses de doutoramento).

Propónse elevar ao Consello de Goberno a petición de creación da Facultade de Enfermaría da Universidade de Vigo, co fin de ir adiantando os traballos.

O obxectivo que temos é o estudantado de primeiro no curso 2024/2025 nos tres campus. J. Carlos Mejuto pregunta pola ubicación da facultade, baixo o risco de que quede desdibuxada entre os tres campus, e polo aforro anunciado, se hai varios vicedecanos e secretarios, o que dubida. O reitor resposta que a sede física e administrativa estará onde estea o director que, neste momento, está en Pontevedra, sinalando que se estudará o número do equipo directivo. Iván Area insiste na pregunta sobre a ubicación e polo PAS asignado. O reitor sinala que aínda non figura o PAS asignado porque deberá ser negociado. Xoán Cebro comenta que se esqueceu falar do persoal actual da Deputación e do SERGAS que está agora a traballar nos centros adscritos de enfermaría e que podería incorporarse á UVigo. O reitor entende que iso atinxe tamén ao profesorado e que haberá que estudialo.

Apróbase por asentimento.

### **11. Aprobación, se procede, do informe preceptivo sobre a proposta de creación do Instituto de Investigación de Xustiza e Xénero da Universidade de Vigo (IXEX).**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación para que expoña o punto.

Ata o ano 2022, a universidade unicamente tivo un instituto (o de Electrónica Aplicada Barrié de la Maza).

O ano pasado decidimos que era o momento para a creación de institutos. Non todas as iniciativas de agrupamento teñen a dimensión axeitada para un centro.

As agrupacións estratéxicas deixaron de ser financiadas pola Xunta.

Vai haber unha convocatoria autonómica para o financiamento de institutos e de centros de investigación. Aprobáronse xa dous.

A proposta do IXEX ten todos os informes positivos e non recibiu alegacións. Nace co propósito de responder aos retos de sustentabilidade do século XXI fortalecendo, modernizando e internacionalizando a dimensión investigadora da Universidade de Vigo. Ten o propósito de se converter en plataforma de referencia para o estudo de todos os aspectos asociados co xénero, o seu tratamento ao longo da historia, os cambios que se produciron ata chegar á situación actual e de servir de canle cos distintos actores públicos e privados implicados nos problemas estruturais, legais e regulatorios asociados co xénero desde unha perspectiva multidisciplinaria.

A vicerreitora amosa os garantes, así como as persoas investigadoras e promotoras, que foron achegadas xunto co resto da documentación. O IXEX está formado por persoas

investigadoras con vinculación permanente á Universidade de Vigo, cunha extensa traxectoria nas diversas áreas que desenvolverá o instituto e que aseguran a súa viabilidade.

Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Transversalización do xénero na investigación xurídica.
- Potenciar a innovación en materia de xustiza e igualdade.
- Converterse nun instituto de referencia na investigación sobre xustiza e xénero.
- Fomentar e difundir estudos inter e multidisciplinares en relación coas liñas de investigación.
- Contribuír á visibilidade internacional da investigación e da produción científica da Universidade de Vigo.
- Participar na formación de persoal investigador e de profesionais do ámbito xurídico.
- Promover a colaboración externa.
- Ofrecer apoio profesional e asesoramento técnico.
- Organizar actividades de formación e de difusión especializada.
- Impulsar a transferencia do coñecemento.

A vicerreitora expón tamén a gobernanza, o plan director, os eixos estratéxicos, as liñas de investigación e a transferencia do coñecemento.

En canto ao plan de viabilidade, de acordo coa calidade investigadora do instituto e das persoas que o integran, no curto prazo prevese obter financiamento das seguintes fontes:

1. Cátedra UNESCO Red Unitwin.
2. Cátedra JEAN MONNET.
3. Subvencións ao abeiro do Programa Marco de Investigación e Innovación da UE (2021-2017) “Horizonte Europa”, baixo o Clúster 2- Cultura, creatividade e sociedades inclusivas.
4. Axudas e subvencións do Instituto das Mulleres:
  - Subvencións para a realización de investigacións feministas, de xénero e sobre mulleres.
  - Subvencións para a realización de posgraos de estudos feministas e de xénero e actividades do ámbito universitario relacionadas coa igualdade.
5. Axudas e subvencións da Xunta de Galicia.
6. Convenios de colaboración con administracións.
7. Contratos con empresas e entidades para o asesoramento sobre perspectiva de xénero, elaboración de códigos éticos e normativa de igualdade.
8. Informes para empresas e administracións sobre xénero.

Dous avaliadores externos: avaliación favorable.

1. Carmen Sáez Lara, catedrática de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidad de Córdoba.
2. Francisco Javier Álvarez García, catedrático de Dereito Penal da Universidad Carlos III

Aprobación na Comisión de Investigación: 26/01/2023.

Non houbo ningunha alegación tras a exposición pública (do 31/01/2023 ao 3/03/2023).

Apróbase por asentimento.

**12. Aprobación, se procede, da creación e da composición da comisión para o estudo da adaptación estatutaria na Universidade de Vigo á nova Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU).**

O reitor pasa a expoñer a proposta de composición da comisión, que sería a seguinte:

- Reitor
- Secretario xeral
- 15 representantes elixidos polo sector do Claustro do PDI-A
- 3 representantes elixidos polo sector do Claustro do PDI- B
- 8 representantes elixidos polo sector do Claustro do estudiantado
- 3 representantes elixidos polo sector do Claustro do PAS

Ruth Davila quere incrementar o número de estudantes, en relación coas porcentaxes previstas na LOSU. O reitor está de acordo e serán 10.

J. Carlos Mejuto pensa que é mellor delegar na Secretaría Xeral a redacción dun borrador. O reitor insiste na constitución dunha comisión para un maior e mellor debate. Álvarez Moreiras sinala que lle parecen moitas persoas e pregunta se deben ser claustrais. O reitor aclara que funcionarase por subcomisións, pero está aberto a diminuír o número e que deben ser claustrais Asemade, pode establecerse un regulamento de funcionamento da comisión. Ana Isabel González Penín pide que se incremente tamén a representación de PAS, que se eleva a 5. Juan José López Escobar pide tamén que se incremente o número de representantes do PDI-B, que quedaría en 5.

Apróbase por asentimento.

**13. Elección de representante en Consello de Goberno:**

- **Sector Direccións de centro e unidades de I+D+i (1 posto):**

Presentáronse as seguintes candidaturas:

- Formella, Arno. Director Escola Superior de Enxeñaría Informática.
- Soto González M<sup>a</sup> Mercedes. Decana Facultade de Fisioterapia (RETIRADA).

*NON é necesario celebrar eleccións.*

**14. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de traballo sobre os recoñecementos docentes na bolsa de horas dos centros:**

- **Sector PAS (1 posto):** *non se presentaron candidaturas*

**15. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión de traballo para o impulso ao Manual de Boas Prácticas:**



- **Sector estudantes (3 postos): presentouse a candidatura de:**
  - Suárez Martínez, Agustín. Escola Superior de Enxeñaría Informática.
- **Sector PAS (1 posto): presentouse a candidatura de:**
  - Prieto Rodríguez, Luis Miguel. Área de Calidade.

*NON é preciso celebrar eleccións.*

**16. Elección, entre todos os membros da comunidade universitaria, dos membros da Comisión Asesora da valedora universitaria (art. 10.3º Regulamento VU):**

- **Sector PDI: 1 representante + suplente** Presentáronse as seguintes candidaturas:
  - Ruíz Hidalgo, Carmen (Facultade de CC. Xurídicas e do T) + Zabalza Cerdeiriña, M<sup>a</sup> Ainoa (Facultade de Educación e TS).
  - Torres Outón, Sara M<sup>a</sup> (Facultade de Comunicación) + Del Río Otero, Coral (Facultade de CC. Económicas e Empresariais).

**É NECESARIO CELEBRAR ELECCIÓN.**

Resultado da votación.

- Carmen Ruiz: 41 votos
- Sara Torres: 12 votos
- En blanco: 5
- Nulos; 1

*NOTA: Consonte o artigo 10.3º do Regulamento da Valedora Universitaria, os membros da Comisión Asesora serán elixidos entre os membros da comunidade universitaria polo colectivo respectivo do Claustro por unha **maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente** ou por maioría simple en segunda volta.*

Quedan elixidas Carmen Ruiz Hidalgo (titular) e Ainoa Zabalza Cerdeiriña (suplente).

- **Sector estudantes: 1 representante + suplente:**

Presentouse a seguinte candidatura:

- Fernández Simoes, Miguel (Escola de Enxeñaría Industrial) + Graña Sánchez, Andrés Lois (Escola de Enxeñaría de Telecomunicación).

*NON é necesario celebrar eleccións.*

- **Sector PAS: 1 representante + suplente.**

Presentouse a seguinte candidatura:

- Graña Costas, Rosa María (Servizo de axudas ao estudo, bolsas e prezos públicos) + Melón Amor, Antonia (Servizo de retribucións e seguros sociais).

*NON é necesario celebrar eleccións.*

**17. Elección dos membros da comisión Electoral:**

- Sector estudantes (1 vacante): Presentouse a seguinte candidatura:  
Suárez Martínez, Agustín (Escola Superior de Enxeñaría Informática) + Ramos Vázquez Antonio (-suplente- Escola de Enxeñaría Industrial).

*NON é necesario celebrar eleccións.*

**18. Elección de membros nos Consellos de Campus:**

- **Pontevedra** - Sector estudantes (2 vacantes): *Non se presentaron candidaturas.*
- **Ourense** - Sector estudantes (2 vacantes): *Non se presentaron candidaturas.*

**19. Quenda de intervencións**

O reitor da inicio á quenda de intervencións coa letra “P”

Rita Velasco lembra a súa intervención sobre un correo recibido nas listaxes de comunidade da UVigo dun PAS con trato denigrante sobre a igualdade entre homes e mulleres. Tenta dar lectura a un novo correo, malia que o reitor pídelle que non o faga, dado que el non comparte o contido da mensaxe difundida e manifesta o orgullo da UVigo sobre a igualdade entre as persoas, insistindo nos problemas de delimitación coa liberdade de expresión neste tipo de casos. Rita Velasco non da lectura ao correo pero comenta e puntualiza certos aspectos contidos nel, con forte carácter crítico, facendo mención ao premio outorgado a Rosa Graña, citando frases do reitor naquel acto, louvando a igualdade. Espera non ter que estar o próximo ano voltando a denunciar este tipo de actuacións que entende se ri das mulleres traballadoras e da institución. Continúa pedindo cambios na xestión das listaxes de correos e que se absteñan de ser empregadas con correos oficiais para asuntos persoais. Sobre o Edificio Redeiras sinala carteis que entende reflicten micromachismos e os problemas do elevador. Pregunta por que na sesión do Claustro de outubro se falou de establecer o curso de 8:00 a 18:00 e se vaise levar a cabo ou non. O reitor sinala que estamos pendentes do traballo que están a facer os centros a este respecto e que se negociará coa representación do PAS. Rita Velasco comenta que en setembro incorporouse unha nova Xerencia que se negou a pasar ao persoal laboral contratado a funcionario de carreira, e que estanse a recoller mais de 200 sinaturas que expresan o apoio aos PAS laborais contratados que cobran menos que os funcionarios interinos o que entende que é inxusto e discriminatorio. O reitor entende que estas cuestións deben acordarse na mesa de negociación. Rita Velasco comenta tamén o problema coa cobertura das baixas e os atrancos co programa Peoplenet, o cobro de horas extras do persoal funcionarizado, emisión de certificados de retención de certificados, recoñecemento de certas prestacións e cobros de atrasos. Falando en representación dunha

asociación do PDI non docente da UVigo da lectura a un comunicado reivindicativo, en relación coa contratación deste tipo de persoal. Quéixase, en particular, de que non teñen representación sindical. O reitor asume a responsabilidade de desenvolver estas novas figuras no marco dos vindeiros Estatutos, a partires do Claustro de xuño.

Pablo Abelleira fala do dereito dos estudantes ao sufraxio activo e pasivo (en concreto, sobre os que teñen modalidade virtual, como os da Facultade de Dirección e Xestión Pública). Pide que se desenvolva o sistema de voto electrónico. Quere referirse tamén ao procedemento sobre o paro académico e quéixase da regulación actual, que entende non e garantista cos dereitos do estudantado. O reitor comenta que fomos a segunda Universidade en regular o paro académico e, en canto ao voto electrónico, sinala que estase a traballar coas persoas que traballan na sede electrónica e pedirase que se ensaie en primeiro lugar co centro que sinalou o alumno, malia que pode haber resistencias noutros centros.

Álvarez Moreira roga que conste en acta o seu escrito (Anexo II). Agradece ao reitor a súa resposta a certas cuestións anteriores, desde 2004, como, por exemplo, as relativas ao regulamento de avaliación. Prega que en sistema de información á dirección se remita copia do regulamento de avaliación aos centros para o vindeiro curso. Pregunta pola creación dunha lista específica para o estudantado no correo; tamén polo acceso ao trámite de matrícula. Sobre os TFG, pregunta se pode modificarse o regulamento en relación coa oferta de temas e a súa natureza. Pregunta polo regulamento do réxime disciplinario en relación co PDI e o PAS, poñendo diversos exemplos. Tamén pide unha modificación do Regulamento electoral xeral para normativizar as prazas non cubertas no Claustro, a substitución de decanos e directores claustrais e outros aspectos. Sobre as memorias dos graos pregunta por que é tan difícil consultalas. Finalmente, conclúe con un comentario sobre o artigo 66.5 dos Estatutos en relación coa avaliación por compensación, solicitando informes sobre certas materias cunha taxa inferior de éxito a outras materias dos seus cursos. O reitor entende que é fundamental apostar polo éxito do alumnado e que outras deberán desenvolverse nos Estatutos.

Federico Fernández pide ao reitor que no próximo Claustro informe sobre o aforro enerxético. Pregunta asemade sobre a cobertura de certos postos do PAS, algúns dos cales levan moito tempo de baixa. A xerenta sinala que o posto ofertouse xa a cinco persoas, que o rexeitaron, comezando polo persoal do propio servizo. O reitor sinala que informará sobre o aforro enerxético.

Eduardo Giménez comenta sobre a redacción dos informes de calidade por parte dos centros e coordinadores de títulos. Propón que sexan técnicos de calidade os que redacten os informes e que sexan despois os coordinadores os que os revisen. Pensa que as tarefas administrativas non lles corresponden aos coordinadores, que non teñen a formación e que despois se reflicten nas avaliacións que fai a ACSUG, onde se recomentan actuacións de formación en materia de calidade para os coordinadores. Insiste na súa proposta de que se encarguen aos técnicos de calidade.

Ana Isabel González Penín pregunta se é posible coñecer as causas da renovación do equipo xerencial e, en concreto, as causas da súa marcha. O reitor indica que foron razóns persoais, pero que o proxecto continúa.

López Escobar agradece a intervención de Rita Velasco sobre o colectivo ao que el pertence e a súa asociación. Matiza que o persoal técnico e de xestión ás veces queda no esquecemento a causa do procedemento de contratación. Sobre a representación sindical, o acordo foi que non poden presentarse ás eleccións sindicais e quéixase do prexuízo.

Rita Velasco entende que iso se debe a certas cotas de poder nos sindicatos, a quen non lles interesa que exista esa representación. Sobre o Servizo de Retribucións, mencionado por Federico Fernández, entende que hai moitos problemas con certas convocatorias, algunha das cales non saíu ata que a persoa que estaba de baixa regresou. Pensa que é unha xefatura con moito traballo e por iso ninguén a quere, pensando que ao mellor habería que contratar postos base para que saquen adiante o traballo. Entende que a Xerencia está recortando en persoal e responsabiliza ao reitor. Insiste nos problemas que xera Peoplenet, que ao mellor se debería cambiar. O reitor está satisfeito co traballo desenvolvido pola Xerencia nunha etapa moi complicada e pensa que se está a chegar a acordos, en contra do que opina Rita Velasco, malia que admite que si é así en casos puntuais.

A xerenta responde que o persoal funcionario é contratado laboral podendo estar suxeito a distintos réximes xurídicos e que todo depende da execución dos acordos que foron acadados, coa necesaria intervención da consellería de Facenda. A funcionarización entende que é un proceso dinámico, que non está concluído. A xerenta di que non se está a incumprir ningunha normativa. Sobre a política de baixas entende que estanse a cubrir segundo as necesidades e pon algúns exemplos. Aclara que ningún centro se ten pechado por estes motivos e rebate algunhas acusacións concretas de Rita Velasco a este respecto. Pensa asemade que se avanzou moito en relación con Peoplenet, coa colaboración dos servizos informáticos, malia que quedan aspectos por pulir, particularmente, no Servizo de Retribucións. Desde finais de febreiro estase a traballar nun programa de formación. Tamén replica a xerenta que estase a chegar a acordos e que moitos dos problemas do Servizo de Retribucións estanse a resolver. Haberá que facer unha listaxe de prioridades. Sobre a representatividade sindical aplaudiría que se convocasen e foran o mais inclusivas posible. Lembra que as baixas en certos servizos foron ofertadas repetidamente a certas persoas e agora xa queda só recorrer á convocatoria pública.

Rita Velasco fai dúas puntualizacións sobre a funcionarización, en relación coa anterior Xerencia, malia que o reitor non está de acordo. Tamén comenta sobre a baixa na praza de Toralla, que non está a ser cuberta por outro compañeiro.

O reitor agradece a paciencia e a asistencia.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:20 h do día 18 de abril de 2023, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

A secretaria xeral